



XUNTA  
DE GALICIA

# Xogade

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

PROGRAMA



XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

## PROGRAMA XOGADE CURSO 2012/2013

### NORMATIVA XERAL

A Secretaría Xeral para o Deporte, coa colaboración das agrupacións deportivas e federacións galegas, convoca o programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar para o curso 2012/2013.

### ACTIVIDADES DO PROGRAMA

- ACTIVIDADE DEPORTIVA
- ACTIVIDADE FEDERADA
- ACTIVIDADE LÚDICA.
- COÑECE O MEU CLUB.
- EDUCACIÓN, DEPORTE E VALORES.
- MÓVETE +
- XOGOS POPULARES.

### CATEGORIAS

**BENXAMÍN:** 2004-2003. **ALEVÍN:** 2002 - 2001

**INFANTIL:** 2000-1999. **CADETE:** 1998-1997

Categoría Benxamín e Alevín: a competición rematará na fase provincial.

Categoría Infantil, remata no campionato galego ou no campionato estatal, segundo o caso.

As federacións deportivas galegas, a través das súas delegacións, organizarán as distintas fases da categoría cadete en todas as modalidades deportivas excepto en campo a través.

Nas categorías e fases existen modificacións dependendo da regulamentación específica de cada unha das modalidades deportivas, polo que será necesario a súa consulta na páxina web.

## ACTIVIDADE DEPORTIVA

MODALIDADE DEPORTIVA	DATA TOPE DE INSCRIPCIÓN
ATLETISMO	31 de xaneiro de 2013
BADMINTON	5 de novembro de 2012
BALONCESTO	5 de novembro de 2012 (ligas B)
BALONMANO	5 de novembro de 2012
BEISBOL	31 de outubro de 2012
CAMPO ATRAVÉS	5 de novembro de 2012
DUATLÓN	31 de xaneiro de 2013
FUTBOL SALA	5 de novembro de 2012 (ligas B)
	20 setembro 2012 (ligas A)
JUDO	20 de xaneiro de 2013
LOITA OLÍMPICA	5 de novembro de 2012 clubs
	31 de xaneiro de 2013 colexios
NATACIÓN	31 de marzo de 2013
NAT SINCRONIZADA	31 de xaneiro de 2013
ORIENTACIÓN	30 de marzo de 2013
PATINAXE ARTÍSTICO	31 de decembro de 2012
TAEKWONDO	31 de xaneiro de 2013
TENIS DE MESA	5 de novembro de 2012
TRIATLÓN	31 de marzo de 2013
VOLEI	5 de novembro de 2012 (ligas B)
	17 de setembro 2012 (ligas A)
XADREZ	31 de xaneiro de 2013
XIMNASIA	31 de xaneiro de 2013
XOGANDO ATLETISMO	5 de novembro de 2012

Para competir nas "ligas A" é necesario poñerse en contacto coa federación correspondente.

## ACTIVIDADE LÚDICA

ACTIVIDADES LÚDICAS	CATEGORÍAS	DATA LÍMITE DE INSCRIPCIÓN
BÁDMINTON NA ESCOLA	PRIMARIA/SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2012
BAILE DEPORTIVO	6.º PRIMARIA/1.º SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2012
BÉISBOL E SOFBOL	5.º-6.º PRIMARIA/SECUNDARIA/1.º BACHARELATO	15 DE NOVIEMBRE DE 2012
COLOMBOFILIA	5.º-6.º PRIMARIA/1.º- 2º SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2012
ESGRIMA	4º - 5º -6º PRIMARIA/1º- 2º SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2012
ESPELEOXÍA	5.º-6.º PRIMARIA/SECUNDARIA/BACHARELATO	15 DE NOVIEMBRE DE 2012
JUDO NA ESCOLA	PRIMARIA/SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2012
LOITA OLÍMPICA NA ESCOLA	PRIMARIA/SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2012
ORIENTACIÓN NA ESCOLA	PRIMARIA/SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2012
RUGBY NA ESCOLA	5.º-6.º PRIMARIA/SECUNDARIA /1.º BACHARELATO	15 DE NOVIEMBRE DE 2012
TAEKWONDO NA ESCOLA	PRIMARIA/SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2012
TRIATLÓN NA ESCOLA	5.º-6.º PRIMARIA/1.º-2.º SECUNDARIA/3.º-4.º SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2012
VOLEIBOL NA ESCOLA	5.º-6.º PRIMARIA/1.º-2.º SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2012
XADREZ NA ESCOLA	4.º-5.º PRIMARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2012
XIMNASIA NA ESCOLA	PRIMARIA/SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2012

## ACTIVIDADE FEDERADA

Nestas actividades levadas a cabo polas diferentes federacións deportivas Galegas, a Secretaría Xeral para o Deporte facilitaralles **un seguro deportivo a todos os deportistas federados de 6 a 16 anos**, independentemente da súa modalidade deportiva. Esta é unha medida fundamental para apoiar, sólida e eficazmente, o deporte de base, dentro do compromiso da Xunta de Galicia pola promoción da actividade físico deportiva e os hábitos saudables. A inscrición dos deportistas deberá ser realizada pola federación na páxina web [www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com), no momento de tramitar a licenza dos deportistas.

## COÑECE O MEU CLUB

**En que consiste?** En acercarlles aos escolares os recursos deportivos dispoñibles na súa poboación, e ofrecerlles unha alternativa de ocupación para o seu tempo libre, que lles axude na consecución de hábitos activos e saudables.

Os técnicos do club visitarán os centros escolares para facer unha presentación do seu deporte, explicar o funcionamento do club (localización, horarios de adestramento, competicións...) e invitará os escolares a compartir un dos seus adestramentos. Crearase así un vínculo importante entre o centro escolar e o club da localidade.

O centro escolar deberá emitirlle un certificado por duplicado ao club que realice a actividade, unha vez finalizada esta, onde se indiquen os datos indispensables publicados na web.

**A quen vai dirixido?** Aos clubs deportivos que estean inscritos no rexistro de clubs da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Como facer a solicitude?** Actualmente na aplicación [www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com) e próximamente a través da web "xogade.xunta.es". Os clubs interesados deberán rexistrarse en Xogade, e poñer os seus datos á dispoñibilidade dos centros de ensino da súa localidade interesados nesta actividade.

## XOGOS POPULARES

**En que consiste?** Nun taller itinerante de xogos populares para realizar nos centros escolares co seu profesorado e o material cedido en préstamo pola Secretaría Xeral para o Deporte. A duración do taller será dunha semana por centro e contará co seguinte material:

- Paneis de exposición para colocar no centro escolar.
- Baúl de xogos: que disporá do material necesario para poñer en práctica os xogos expostos.
- Unidade didáctica

**A quen vai dirixido?** A centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Como solicitálas?** Na páxina web <http://www.deporteescolargalego.com/> antes do 5 de novembro de 2012

Unha vez rematado o prazo de solicitude, comezará o proceso de validación segundo os criterios publicados na web. Os centros escolares que obteñan a validación serán avisados por correo electrónico e a través da web.

## EDUCACIÓN DEPORTE E VALORES

**En que consiste?** Nunha exposición itinerante, dunha semana de duración, polos centros escolares con paneis informativos.

**A quen vai dirixido?** A centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Como solicitálas?** Na páxina web <http://www.deporteescolargalego.com/> antes do 5 de novembro de 2012

Unha vez rematado o prazo de solicitude, comezará o proceso de validación segundo os criterios publicados na web.

Os centros escolares que obteñan a validación serán avisados por correo electrónico e a través da web.

## MÓVETE +

**Móvetes+:** "Móvetes+" é unha nova actividade do programa Xogade dirixida a tódolos escolares de Galicia. Trátase de promover a actividade física a través dunha acción de carácter lúdico, transversal, divertida e ao mesmo tempo sumar mais cantidade de exercicio físico para achegarnos ao que recomenda a Organización Mundial da Saúde.

Baseado nunha composición musical e coreográfica orixinal, "Móvetes+" é o novo himno do Plan Galicia Saudable (<http://galiciasaudable.xunta.es>.) que ten como obxectivo difundir entre a comunidade e educativa e, por extensión, á sociedade galega, os principais valores do Plan Galicia Saudable.

A acción desenvolverase nos tempos de lecer dos escolares, como recreos ou outros como o programa "madrugadores", antes ou despois do comedor, ou a espera de outras actividades extracurriculares.

A actividade conta cun material didáctico e está estruturada para que o profesorado poida integrala nas clases das materias que estimen oportunas.





XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR